



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

Anuncio

A Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo en sesión ordinaria celebrada con data 15 de maio de 2026 acordou aprobar e publicar no B.O.P de Lugo a convocatoria e as bases reguladoras do Programa Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Para dar cumprimento a dito acordo, publícase o texto íntegro das mesmas.

CONVOCATORIA E BASES DO PROGRAMA PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” E PREMIOS “... E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” PARA A ANUALIDADE 2026

A Deputación de Lugo, no marco das competencias conferidas pola normativa aplicable de Réxime Local e pola normativa sectorial reguladora da actividade turística na Comunidade autónoma galega, desenvolve, entre outras, actuacións que teñen como finalidade a promoción e o fomento do turismo no ámbito provincial.

No contexto destas accións, a finalidade desta convocatoria é a concesión de recoñecementos honoríficos na procura dunha posta en valor de persoas, entidades públicas e privadas, actividades e proxectos sobranceiros no eido do turismo e da gastronomía como elementos socioeconómicos e culturais fundamentais para a identidade da provincia.

Dende o ano 2020, a Deputación de Lugo convoca con carácter anual os Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Na edición do ano 2022 contemplouse a creación, con carácter excepcional e previa aprobación por parte do Consello de Turismo en sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 2022, dunha nova modalidade denominada “Premio Turismo Sostible”, que ten por obxecto o recoñecemento daquelas iniciativas que, dentro do ámbito da provincia de Lugo, contribúan a acadar a sostibilidade turística no eido social, económico e/ou medioambiental. Esta modalidade de galardón enmarcouse dentro das accións que desenvolveu a Deputación de Lugo dentro desta anualidade como antesala do evento “Copa España Creativa”, do que foi anfitriño a entidade provincial, e cuxo lema foi “Sostibilidade, Creatividade e Turismo”.

No ano 2023, e como parte das accións de colaboración da Deputación de Lugo no grupo de traballo de Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, o Premio Turismo Sostible da Deputación de Lugo foi incluído como unha iniciativa exemplar dentro do Manual de Experiencias DTI realizado no seo do citado grupo de traballo, motivo polo cal someteuse á consideración do Consello de Turismo, reunido en sesión ordinaria celebrada con data 17 de febreiro de 2023, a posibilidade de manter a citada modalidade de cara a futuras convocatorias, deixando de ter carácter excepcional. O acordo foi aprobado por unanimidade dos membros asistentes.

De acordo co que antecede, é vontade da Deputación de Lugo levar a a cabo unha nova convocatoria dos Premios de Turismo nas correspondentes tres modalidades e mantendo o seu carácter honorífico de cara ao presente 2026.

Polo anteriormente exposto, establécense as seguintes bases:

Primeira: Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria do programa Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Estas distincións teñen por obxecto recoñecer publicamente a dedicación de distintas empresas, persoas, institucións ou entidades e os seus méritos polo traballo realizado en prol do desenvolvemento, do fomento e da promoción turística, a sostibilidade turística, a traxectoria profesional e a posta en marcha de actuacións innovadoras e/ou exemplares que teñan unha repercusión positiva no ámbito do turismo ou da gastronomía da provincia de Lugo, ben no seu conxunto ou nun ámbito territorial inferior comprendido dentro da provincia.

Segunda: Natureza do programa

Os premios obxecto deste programa terán carácter honorífico, sen que a súa concesión supoña a adquisición de dereito económico algún por parte das entidades ou persoas galardoadas.

Os premios consistirán nun diploma acreditativo e nun agasallo de carácter simbólico, que nesta anualidade será unha peza de artesanía tradicional da provincia de Lugo.

As entidades ou persoas galardoadas poderán publicitar a súa condición de premiadas nas accións de promoción que realicen para dar a coñecer a labor que fose obxecto destas distincións.

Os premios serán entregados en acto público nos últimos días do mes de setembro de 2026.

Terceira: Orzamento do programa

Para esta convocatoria, a consignación orzamentaria destinada á adquisición dos agasallos e á organización do acto de entrega dos premios será de 5.000 euros IVE engadido.

Cuarta: Candidaturas

Poderán optar aos premios obxecto deste programa as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, tanto a título individual como colectivo, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalgunha das modalidades establecidas na base quinta e cuxa actuación teña ou tivese unha repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica de actuación dentro do territorio lucense.

Quinta: Modalidades

Os premios obxecto da convocatoria do presente programa corresponden ás seguintes tres modalidades:

MODALIDADE A: Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”

Poderán presentarse a esta modalidade:

- Entidades públicas ou aquelas das que na súa organización forme parte o sector público.
- Empresas, profesionais independentes e traballadores e traballadoras do sector turístico. Poderán concorrer tamén persoas ou entidades privadas que teñan realizada unha labor de investigación ou divulgación da provincia no ámbito turístico con resultados vixentes na actualidade ou que teñan realizado unha aportación destacada no eido do turismo no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria ou no que está en curso.
- Colectivos profesionais, asociacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan unha labor que garde relación co sector turístico.

Os méritos cos que poderán concorrer nesta modalidade deberán estar relacionados con algún dos seguintes ámbitos:

- A dedicación e traxectoria profesional exemplar.
- O desenvolvemento de accións innovadoras en materia de creación de produtos turísticos singulares, novos ou de éxito.
- O desenvolvemento de accións de promoción innovadoras.
- O traballo en prol da calidade turística.
- A creación ou posta a disposición de ferramentas TIC que repercutan positivamente na experiencia das persoas visitantes e/ou na xestión das empresas e destinos turísticos.
- O desenvolvemento de actuacións que contribúan á accesibilidade, física e/ou intelectual, aos recursos e/ou servizos turísticos da provincia de Lugo.
- Accións en materia de recuperación de bens do patrimonio cultural ou natural e accións de embelecemento da paisaxe ou do medio.
- Traballo de investigación turística e/ou publicacións científicas ou xornalísticas, que baseen a súa temática nos recursos, empresas e/ou servizos turísticos da provincia de Lugo e que acheguen datos ou conclusións vixentes no momento da proposta da candidatura. No caso de que un traballo de investigación se desenvolva no contexto dunha titulación académica deberá ter sido cualificado como mínimo, cunha puntuación de sobresáinte, para o que se deberá achegar o certificado expedido pola entidade competente.
- O labor que desenvolvan persoas físicas en calidade de divulgadoras turísticas da provincia de Lugo.
- O desenvolvemento de prácticas laborais exemplares.

Agás no caso do recoñecemento a unha traxectoria profesional exemplar, os proxectos e iniciativas concretas nas que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción destes premios deberán ter carácter actual, desenvolverse no marco dun plan vixente no momento da candidatura ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria, pero con vixencia na actualidade.

MODALIDADE B: “Premio Turismo Sostible”

Poderán presentarse a esta modalidade:

- Entidades públicas ou aquelas das que na súa organización forme parte o sector público.

- Empresas, profesionais independentes e traballadores e traballadoras do sector turístico. Poderán concorrer tamén persoas ou entidades privadas que teñan realizada unha labor de investigación ou divulgación da provincia no ámbito do turismo sostible con resultados vixentes na actualidade ou que teñan realizado unha aportación destacada no eido do turismo sostible no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria ou no ano en curso.
- Colectivos profesionais, asociacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan unha labor que garde relación co sector turístico.

Os méritos cos que poderán concorrer a esta modalidade estarán relacionados co desenvolvemento de iniciativas ligadas ao turismo sostible nas súas diferentes vertentes (social, económica e medioambiental) e/ou co cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 no ámbito do Turismo.

Os proxectos e iniciativas concretas nas que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción deste premio deberán ter carácter actual, desenvolverse no marco dun plan vixente no momento da candidatura ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria, pero con repercusións vixentes na actualidade.

MODALIDADE C: Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”

Poderán presentarse a esta modalidade:

- Empresas, colectivos e profesionais da gastronomía a título individual. Poderán concorrer tamén persoas ou entidades privadas que teñan realizada unha labor de investigación científica ou divulgación xornalística da gastronomía lucense, ou que teñan realizado unha aportación destacada no eido da gastronomía no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria ou no ano en curso.
- Produtores individuais, Consellos Reguladores, Indicacións Xeográficas Protexidas, asociacións de criadores de razas autóctonas e outras entidades similares.
- Entidades públicas ou privadas que baseen a súa candidatura nun evento gastronómico ou de exaltación de produtos lucenses recoñecido pola súa repercusión e do que sexan organizadoras.

Os méritos cos que poderán concorrer nesta modalidade deberán estar relacionados con algún dos seguintes ámbitos:

- O traballo ou traxectoria profesional exemplar.
- As accións de promoción e fomento do consumo de produtos autóctonos, organización de eventos gastronómicos con produtos locais ou accións similares.
- Os traballos de investigación ou publicacións científicas ou xornalísticas baseadas na divulgación dos produtos locais, na recuperación de receitas, usos ou costumes tradicionais ligados á gastronomía lucense e na proposta de accións que exploren novas fórmulas para a combinación de tradición e vangarda na preparación dos produtos gastronómicos autóctonos. Os datos e conclusións que se acheguen nestes estudos ou publicacións deberán revestir, segundo o criterio do persoal membro do Consello Provincial de Turismo, carácter de actualidade na súa temática.
- As accións formativas dirixidas a profesionais da gastronomía baseadas no uso de produtos locais.

Agás no caso do recoñecemento a unha traxectoria profesional exemplar, os proxectos concretos nos que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción destes premios deberán ter carácter actual, desenvolverse no marco dun plan vixente no momento da candidatura ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria pero con vixencia na actualidade.

Sexta: Requisitos das candidaturas

As persoas físicas ou xurídicas candidatas aos premios deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- No caso de persoas físicas, ser maior de idade.
- Realizar ou ter realizado a actividade pola que se propón a candidatura no ámbito territorial da provincia de Lugo.
- Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Deputación Provincial de Lugo.
- Estar ao corrente coas obrigas en materia de prevención de riscos laborais no caso de persoas xurídicas e co correspondente aboamento de salarios.
- Estar ao corrente coas obrigas impostas pola normativa en materia de subvencións, no seu caso.
- Non ter sido sancionado ou sancionada con carácter firme en materia turística por parte de ningún organismo competente.
- Non ter sido condenado ou condenada por sentenza firme por ningún feito delituoso.

- Autorizar á Deputación de Lugo á difusión dos datos das persoas, empresas, colectivos, institucións ou outras entidades galardoadas por calquera medio e dos motivos polos que lles foron concedidos os premios.

A presentación de candidatura aos premios implica a aceptación directa destas bases, así como do premio, no caso de resultar gañador ou gañadora.

Os candidatos e candidatas ou quen ostente a súa representación, no caso de institucións, empresas ou colectivos, serán responsables en exclusiva tanto do cumprimento dos requisitos como da veracidade dos datos que figuren nos anexos destas bases, comprometéndose a probalos documentalmente, no caso de que así se lles solicite.

As candidaturas que fosen galardoadas cos premios non poderán volver a presentar candidatura a eles na mesma modalidade ata transcorrido un prazo de tres anos dende a concesión do anterior premio. No caso de que, transcorrido o citado prazo, resultasen novamente galardoados ou galardoadas, os motivos nos que se fundamente a xustificación da súa candidatura non poderán coincidir cos motivos nos que se baseou a concesión do premio ou premios anteriores.

A Deputación de Lugo non se fai responsable do uso non autorizado por terceiros dos proxectos presentados e/ou premiados, en especial da súa copia, manipulación, redistribución ou calquera outra forma en contornas non desexadas ou enlaces ilícitos.

Séptima: Prazo e procedemento de presentación de candidaturas

As solicitudes dirixiranse á Presidencia da Deputación de Lugo e presentaranse de xeito telemático a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo, apartado Trámites Xerais- Premios Lugo Cambia. O prazo de presentación de candidaturas será dun mes a contar dende o día seguinte da publicación das bases e da convocatoria do programa no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A presentación de candidatura para a concesión do premio poderá realizarse polo propio candidato ou candidata ou por un terceiro que, tendo coñecemento dos méritos que ostente para cada modalidade o posible candidato ou candidata, así o estime oportuno. Igualmente, os membros do Consello Provincial de Turismo poderán presentar candidaturas para quen consideren axeitado, sempre e cando nas mesmas concorran as condicións necesarias de acordo co establecido nestas bases.

No caso de que as candidaturas sexan presentadas por unha terceira persoa, esta recabará o consentimento expreso do candidato ou candidata correspondente, que deberá asinar o modelo de declaración responsable que figura no Anexo III destas bases, manifestando o cumprimento dos requisitos establecidos para optar á candidatura.

Só poderá presentarse candidatura baixo unha única modalidade das contempladas nestas bases.

Oitava: Acreditación de méritos

As persoas físicas ou xurídicas que presenten candidatura propia ou propoñan a candidatura dunha terceira aos premios en calquera das súas modalidades, deberán presentar, xunto coa correspondente solicitude normalizada que figura no anexo destas bases (I ou II, segundo corresponda) e que estará a disposición na Sede Electrónica da Deputación de Lugo, unha memoria na que farán constar os méritos cos que concorran a esta convocatoria. En dita memoria farán fincapé nos resultados das accións levadas a cabo, sexa dende o punto de vista turístico, gastronómico ou relacionado co desenvolvemento sostible, en beneficio da provincia de Lugo ou nun ámbito concreto da mesma e que fundamenten a candidatura.

A extensión da memoria non superará as 10 páxinas (incluíndo portada e sen contar os anexos) a dobre espazo con letra Arial calibre 12 e co formato determinado no Anexo V destas bases.

Novena: Actuación do xurado

Das candidaturas presentadas, darase conta ao Consello Provincial de Turismo, que actuará como xurado do programa, sendo convocado en sesión extraordinaria que incluírá na orde do día o estudo e análise das candidaturas presentadas. Esta sesión terá carácter reservado co fin de que as deliberacións ou acordos adoptados non afecten á imaxe dos ou das que presentasen candidatura aos premios. O quórum para poder celebrar esta sesión requirirá da presenza, como mínimo, da Presidencia, da Secretaría e dun terzo dos restantes vogais.

A avaliación das candidaturas basearase nos seguintes criterios xerais:

- Aportación do traballo ou iniciativa ao desenvolvemento turístico da provincia de Lugo, segundo a modalidade de premio que corresponda.
- A singularidade da proposta.
- A repercusión positiva do traballo ou da iniciativa na contribución sobre a imaxe da provincia de Lugo.

Poderán outorgarse un máximo de sete premios nesta convocatoria, a razón dun máximo de tres nas modalidades "Lugo Cambia ao Turismo Lucense" e "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense", respectivamente, e un máximo de un no caso da modalidade "Premio Turismo Sostible". Potestativamente, o xurado poderá propoñer a concesión dun accésit a aquelas candidaturas que non chegasen a ser galardoadas, podendo conceder ata un máximo de tres accésits en total nesta convocatoria. Os accésits consistirán nunha peza de artesanía da provincia de Lugo e nun diploma.

O Consello de Turismo analizará as candidaturas presentadas e cada membro poderá propoñer ata un máximo de tres gañadores/as respectivamente, no caso das modalidades “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”, e un máximo de un gañador ou gañadora na modalidade “Premio Turismo Sostible”.

Os membros do Consello de Turismo emitirán os seus votos na forma que determine a Presidencia. A proposta de concesión dos galardóns realizarase en base a aquelas candidaturas que obtivesen o maior número de votos.

No caso de quedar empatadas as candidaturas correspondentes a unha modalidade, realizarase unha segunda rolda de votacións na que os membros do Consello poderán emitir novamente o seu voto sobre as candidaturas empatadas. Se logo desta votación persiste o empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

De non haber concorrencia de candidaturas á modalidade “Premio Turismo Sostible”, ou ben se as que se presentasen non cumprisen coas prescricións determinadas nestas bases, o Consello de Turismo poderá propoñer a súa concesión directa a algunha persoa ou entidade que cumpra os requisitos establecidos.

A concesión directa do “Premio Turismo Sostible” por parte do Consello Provincial de Turismo requirirá da aceptación expresa do mesmo por parte da persoa ou entidade para que se propón o galardón, así como da sinatura dunha declaración responsable na que se manifieste o cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases (Anexo IV).

Ao persoal membro do Consello Provincial de Turismo seranlle de aplicación as causas de abstención reguladas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público para a deliberación e votación sobre as candidaturas aos premios obxecto destas bases. Igualmente, o persoal membro do Consello Provincial de Turismo deberá absterse de valorar e votar aquelas candidaturas que correspondan aos propios colectivos, entidades ou persoas representadas no Consello Provincial de Turismo, cando estes sexan candidatos aos premios, no seu caso. Ademais, os membros do Consello deberán absterse de valorar e votar aquela modalidade na que presentasen a candidatura dun terceiro, se fose o caso.

En todo caso, o resultado das deliberacións será recollido nunha acta.

Décima: Instrución e resolución do procedemento de concesión dos premios

A instrución do procedemento de concesión do programa Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” corresponderalle ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo, resultando de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, como órgano de asistencia á Presidencia, resolverá a convocatoria dos premios e adoptará o acordo correspondente para a súa concesión, previa proposta que será elevada pola Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo en base ao informe do Servizo de Turismo e o acordo do Consello Provincial de Turismo recollido na correspondente acta.

O acordo de concesión dos premios será adoptado nun prazo máximo de dous meses a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación das candidaturas. Dito acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e contra o mesmo poderanse interpoñer os recursos pertinentes de acordo coa lexislación aplicable.

Décimo primeira: Revogación

Os premios obxecto deste programa poderán ser revogados a proposta de calquera dos membros integrantes do Consello Provincial de Turismo cando se dea algunha das seguintes circunstancias nun galardoadado ou galardoadada:

- Ter sido sancionado ou sancionada con carácter firme pola Administración competente en materia turística.
- Ter sido condenado ou condenada en sentenza firme pola comisión dalgún feito delituoso.
- Que se detecte o incumprimento dun ou varios requisitos establecidos para as persoas candidatas nestas bases.
- Outras circunstancias debidamente motivadas que, a xuízo do persoal membro do Consello Provincial de Turismo, se estimen suficientemente significativas para propoñer a revogación do premio.

A proposta de revogación dos premios requirirá a adopción dun acordo previo por maioría absoluta por parte do Consello Provincial de Turismo. Dito acordo, que se recollerá nunha acta, xunto co correspondente informe do Servizo de Turismo, servirán como motivación da proposta de revogación, que será elevada ao órgano competente.

Décimo segunda: Outra normativa aplicable

Os premios obxecto desta convocatoria rexeranse no non regulado expresamente nestas disposicións:

- Pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- Pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.
- Pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

- Polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
- Polo Regulamento do Consello Provincial de Turismo da Provincia de Lugo, aprobado en sesión plenaria o 30 de xaneiro de 2018, e publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 102 de sábado, 5 de maio de 2018.
- Bases de Execución do Orzamento da Deputación de Lugo para o 2026.

Décimo terceira: Réxime de Recursos

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado extracto da convocatoria no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo cuarta: prazo de vixencia

A vixencia do presente programa comprenderá dende a súa aprobación ata o 31 de decembro de 2026.

ANEXO I (SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN DIRECTA DE CANDIDATURA)

DATOS DO/A SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.
ACTIVIDADE QUE REALIZA	
DATOS DO/A REPRESENTANTE	
NOME E APELIDOS	DNI
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.

MODALIDADE DE PREMIO AO QUE OPTA COA CANDIDATURA (Marque cun "X" a opción axeitada)

__ Premios LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE

__ Premios ... E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.

__ Premio TURISMO SOSTIBLE.

Con relación á base décimo segunda da convocatoria dos premios onde se especifica a normativa reguladora do tratamento de datos persoais:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS (*)	
RESPONSABLE	Deputación de Lugo
FINALIDADE	Xestión dos certames de premios organizados e promovidos pola Deputación de Lugo
BASE LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1.a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicas.
DESTINATARIOS	Non previstos
DEREITOS	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos, así como dereito a retirar o consentimento.
PROCEDENCIA	O propio interesado ou o seu representante legal

(*) Para información adicional relativa a la protección de sus datos, por favor, consulte a ligazón web seguinte: http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_premios

SI autorizo e consinto que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os meus datos para a solicitude de candidaturas aos Premios LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE, ao Premio TURISMO SOSTIBLE ou aos Premios ...E PARA COMER...LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.

SOLICITA:

PRESENTAR CANDIDATURA AOS PREMIOS NA MODALIDADE SINALADA.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CUMPRIR OS REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA.

AUTORIZA:

Á Deputación de Lugo á difusión da identidade da persoa ou entidade candidata por calquer medio, no marco desta convocatoria, así como o motivo ou motivos polos que, no seu caso, sexa concedido o premio.

(Sinatura)

ILMA. SRA. PRESIDENTA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

ANEXO II (SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DUNHA TERCEIRA PERSOA OU ENTIDADE)

DATOS DO/A SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.
DATOS DO/A REPRESENTANTE	
NOME E APELIDOS	DNI
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.

SOLICITA:

Presentar a candidatura de:

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.
ACTIVIDADE QUE REALIZA	
MODALIDADE DE PREMIO AO QUE OPTA COA CANDIDATURA (Marque cun "X" a opción axeitada)	
__ PREMIO LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE. __ PREMIO TURISMO SOSTIBLE. __ PREMIO ...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.	

Con relación á base décimo segunda da convocatoria dos premios onde se especifica o tratamento de datos persoais:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS (*)	
RESPONSABLE	Deputación de Lugo
FINALIDADE	Xestión dos certames de premios organizados e promovidos pola Deputación de Lugo
BASE LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1.a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varias fins específicas.
DESTINATARIOS	Non previstos
DEREITOS	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos, así como dereito a retirar o consentimento.
PROCEDENCIA	O propio interesado ou o seu representante legal

(*) Para información adicional relativa a la protección de sus datos, por favor, consulte a ligazón web seguinte: http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_premios

SI autorizo e consinto que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os meus datos para a solicitude de candidaturas aos Premios LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE, PREMIO TURISMO SOSTIBLE e aos Premios ...E PARA COMER...LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.

SOLICITA:

PRESENTAR CANDIDATURA DA PERSOA OU ENTIDADE INDICADA AOS PREMIOS NA MODALIDADE SINALADA.

(Sinatura)

ILMA. SRA. PRESIDENTA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

ANEXO III (COMPLEMENTARIO A ANEXO II)**AUTORIZACIÓN DA PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA POR PARTE DUNHA TERCEIRA PERSOA OU ENTIDADE**

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----

 En nome propio En representación de:

DENOMINACIÓN/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
---------------------------	---------

AUTORIZA A:

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
---------------------------------	-----------

Á presentación da súa candidatura aos Premios "LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE", "PREMIO TURISMO SOSTIBLE" ou Premios "...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE".

AUTORIZA:

Á Deputación de Lugo á difusión da súa identidade por calquer medio, no marco desta convocatoria, así como o motivo ou motivos polos que, no seu caso, sexa concedido o premio.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CUMPRIR OS REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA.

(Sinatura)

ILMA. SRA. PRESIDENTA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO IV**ACEPTACIÓN DA CANDIDATURA (Base novena: aceptación do PREMIO TURISMO SOSTIBLE por concesión directa)**

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----

- En nome propio
- En representación de:

DENOMINACIÓN/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
---------------------------	---------

ACEPTO:

A concesión directa do PREMIO TURISMO SOSTIBLE.

AUTORIZA:

Á Deputación de Lugo á difusión da súa identidade por calquer medio, no marco desta convocatoria, así como o motivo ou motivos polos que, no seu caso, sexa concedido o premio.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CUMPRIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA DO PREMIO.

(Sinatura)

ANEXO V: FORMATO DE MEMORIA OBRIGATORIA DE CANDIDATURA E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA A ENTREGAR

As persoas ou entidades candidatas aos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, ao “Premio Turismo Sostible” ou aos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”, así como aquelas que presenten a candidatura dunha terceira persoa ou entidade, deben achegar na súa solicitude unha memoria executiva cuxa extensión non superará as 10 páxinas (incluíndo portada e sen contar os anexos) a dobre espazo con letra Arial, calibre 12, asinada electrónicamente, na cal se exporán os méritos que concorran para a obtención do galardón.

O esquema da memoria axustarase á seguinte estrutura:

- **Introdución (máximo unha páxina):**

Nesta parte exporase de forma breve a motivación para concorrer á convocatoria dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” ou dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”.

- **Desenvolvemento:**

Nesta parte desenvolveranse do xeito máis detallado posible, tendo en conta a extensión máxima da memoria, os argumentos e méritos polos cales considera que a candidatura é merecedora da obtención do galardón.

Deberase ter en conta que estes méritos teñen que adecuarse aos aspectos sinalados na base quinta da convocatoria.

A maiores, as persoas ou entidades candidatas ou as que presenten a candidatura dunha terceira persoa ou entidade, deberán achegar como anexo a seguinte documentación, de ser procedente:

- O traballo de investigación completo e asinado, sempre e cando a súa candidatura esté baseada no mesmo, así como o certificado académico oficial de calificacións, se se trata dun traballo realizado no marco do plan de estudos dunha titulación académica.
- Outra documentación que a persoa ou entidade candidata considere necesario aportar para apoiar a súa candidatura.

Lugo, 15 de maio de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026. O deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1260

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS*Anuncio***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE AO ANO 2026.**

Por resolución da presidencia de data 14 de maio de 2026, aprobouse a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2026, e os criterios que rexerán nela, co seguinte contido:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

1. ANTECEDENTES:

O artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), o artigo 204 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e o artigo 128.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local establecen que as Entidades Locais aprobarán e publicarán anualmente, dentro do prazo dun (1) mes desde a aprobación do seu Orzamento, a Oferta de Emprego Público (OEP) para o ano correspondente, de conformidade cos criterios fixados pola normativa básica estatal.

O artigo 34.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL, sinala que lle corresponde ao Presidente da Deputación aprobar a Oferta de Emprego Público de acordo co Orzamento e o Cadro de Persoal aprobados polo Pleno.

O Orzamento desta Deputación Provincial de Lugo foi aprobado aprobado definitivamente por acordo plenario do 30.12.2025 e publicado no BOP 299 do 31.12.2025, e a través daquel, os Cadros de Persoal funcionario e laboral desta Entidade, no que constan, entre outros contidos, as prazas vacantes dotadas orzamentariamente que se inclúen na proposta de Oferta de Emprego para 2026.

2. NORMATIVA ESPECÍFICA REGULADORA DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO:

O artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), establece:

“Oferta de Emprego Público.

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ate un 10% adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente.

3. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

O artigo 20 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (o 1 de xaneiro de 2026 prorrogáronse automaticamente os Orzamentos do Estado para o ano 2026 segundo o establecido no artigo 134 da Constitución Española), baixo o epígrafe Oferta de Emprego Público, contratos e nomeamentos temporais do persoal do sector público, establece, no que entendemos aplicable a Administración Local:

“Un. Oferta de Emprego de Público.

1. A incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un.e) do artigo anterior, levarase a cabo a través da Oferta de Emprego Público, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.
2. As sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios participados maioritariamente polas Administracións e Organismos que integran o sector público, rexeranse polo establecido nas disposicións adicionais vixésima primeira, vixésima segunda e vixésimo terceira.
3. A configuración concreta da Oferta de Emprego Público levarase a cabo a través da taxa de reposición de efectivos, instrumento con que se concreta a planificación e se lle outorga dimensión en termos de efectivos con respecto da plantilla actual, así como a través do resto de medidas contidas neste artigo.

Dous. Articulación da Oferta de Emprego Público.

1. A Oferta de Emprego Público articularase a través das seguintes taxas de reposición de efectivos:

- a) Nos sectores prioritarios a taxa será do 120 por cen e nos demais sectores do 110 por cen.
- b) As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior terán un 120 por cen de taxa en todos os sectores. ”. (...)
2. As Administracións Públicas deberán ter en conta as prazas de persoal interino vacante e persoal laboral temporal por vacante nomeados no ano 2025.

En todo caso, as vacantes ocupadas por este persoal deberán incluírse na Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, si non fôra posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización.

3. Considéranse sectores prioritarios a efectos da taxa de reposición:

(...)

4. Cada Administración poderá autorizar, con carácter extraordinario, una taxa específica que sexa necesaria para dar cumprimento do obxectivo previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de que a temporalidade no emprego público non supere o 8 por cento das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que veña xustificado de acordo co instrumento de planificación plurianual con que deberá contar.
5. En todo caso, a Oferta de Emprego Público deberá aterse ás disponibilidades orzamentarias do capítulo correspondente aos gastos de persoal do orzamento de gastos.

Tres. Regras para a aplicación da taxa de reposición de efectivos.

1. Para calcular a taxa de reposición de efectivos a porcentaxe de taxa máximo autorizado aplicarase sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentarios anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se houberan incorporado no referido exercicio, por calquera causa salvo os supostos previstos no apartado tres.4, ou reingresado desde situacións que non con leven a reserva de postos de traballo.

A estes efectos computaranse os ceses por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas (...).

2. *A taxa resultante das regras do número anterior poderá incrementarse coa derivada das altas e baixas rexistradas durante o exercicio en curso, ata a data de aprobación da oferta, o que deberá facerse constar na propia Oferta de Emprego Público. Para elo a oferta deberá aprobarse dentro do primeiro semestre do exercicio. Ditas prazas restaranse da taxa de reposición do exercicio seguinte.*
3. *A validez da taxa autorizada estará condicionada, de acordo co artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:*
 - a) *A que as prazas se inclúan nunha Oferta de Emprego Público que deberá ser aprobada polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no boletín oficial da provincia, da comunidade autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano.*
 - b) *A que a convocatoria das prazas se publique no diario oficial da provincia, comunidade autónoma ou, en seu caso, do Estado, debendo asegurar a súa execución no prazo máximo de tres anos.*

As prazas non cubertas durante a execución dunha convocatoria poderán convocarse novamente sempre que non transcorreran máis de tres anos desde a publicación da Oferta de Emprego Público que as houbera autorizado. A nova convocatoria deberá identificar as prazas que proceden de convocatorias anteriores e a oferta á que corresponden. Esta previsión será aplicable ás convocatorias de procesos selectivos derivadas de Ofertas de exercicios anteriores a 2023, incluídas as que xa foran publicadas.
4. *Non computarán para a taxa de reposición e, por tanto, non se terán en conta para o seu cálculo:*
 - a) *As prazas que se cubran como consecuencia da incorporación de persoal en execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores.*
 - b) *As prazas que se convoquen por promoción interna, nin os ceses derivados de ditos procesos, (...).*
 - c) *As prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.*
 - d) *As prazas destinadas á cobertura das plantillas máximas autorizadas para militares de Tropa e Mariñeiría, de acordo coa disposición adicional décima sétima desta lei.*
 - e) *As convocatorias de prazas de persoal fixo que se dirixan de forma exclusiva a militares profesionais de tropa e mariñeiría que se encontren nos derradeiros dez anos do seu compromiso de longa duración e aos reservistas de especial dispoñibilidade que se atopen percibindo, ata o momento da publicación das convocatorias, a asignación por dispoñibilidade prevista no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de Tropa e Mariñeiría. Estas convocatorias só poderán aprobarse nos ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura. Para elo será necesario que exista un turno de acceso libre ás categorías profesionais, corpos o escalas convocados. Esta posibilidade será de aplicación en todo o sector público.*
 - f) *As prazas necesarias para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos cuxo establecemento veña imposto en virtude dunha norma estatal, autonómica ou local.*
 - g) *Nos servizos públicos que pasen a ser prestados mediante xestión directa, o número de prazas que as empresas externas destinaban á prestación dese servizo concreto.*
 - h) *As prazas de persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios que, estando dotadas orzamentariamente, sexan necesarias para dar cumprimento as previsións legais ou regulamentarias sobre la prestación de ditos servizos, súa creación, organización e estrutura.*
 - i) *As prazas dotadas orzamentariamente de persoal dos corpos de policía autonómica, dentro do límite aprobado pola Xunta de Seguridade correspondente.”*

Catro. Acumulación e cesión de taxa.

1. *A taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores no prioritarios poderase acumular nos sectores prioritarios. As entidades locais que tiveran amortizada a súa débeda financeira a 31 de decembro do exercicio anterior poderán acumular a súa taxa de reposición indistintamente en calquera sector.*
2. *Igualmente, as Administracións Públicas poderán ceder taxa ás Universidades da súa competencia e as Universidades Públicas poderán cederse taxa entre elas, con autorización das Administracións Públicas das que dependan.*
3. *Non se autoriza a cesión de taxa de reposición das Administracións Públicas as súas sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais e fundacións. Poderase ceder taxa de reposición aos consorcios por parte das Administracións e demais entidades que participen no consorcio.*
4. *Como excepción, o sector público poderá ceder parte da súa taxa de reposición ás fundacións públicas que teñan a condición de axentes de execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación ou que realicen proxectos de investigación, sempre que a taxa de reposición que se ceda se dedique aos citados proxectos.*
5. *Cando se acordara, por convenio ou por calquera outro instrumento xurídico, a xestión do servizo por unha Administración distinta da titular do servizo, esta poderá ceder taxa de reposición á Administración que realiza*

a prestación. Ademais, as entidades locais poderán ceder taxa a entidades locais supramunicipais nas que participen.

6. Nos supostos nos que se produza acumulación da taxa de reposición, a publicación da oferta de emprego público do organismo que a cede e do que a recibe, deberá conter o número de prazas, así como o sector ou colectivo obxecto desa acumulación.

Cinco. Limitacións á contratación temporal.

1. A contratación de persoal laboral, así como os nomeamentos de persoal funcionario estatutario realizaranse con carácter fixo, indefinido ou permanente, según proceda.

Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, nos supostos e de acordo coas modalidades previstas polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada polo Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na súa redacción dada pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, así como no resto de normativa aplicable.

(...)

Sete. Seguimento da Oferta de Emprego Público.

Co fin de permitir o seguimento da Oferta, as Comunidades Autónomas e as Universidades Públicas deberán remitir ao Ministerio de Facenda y Función Pública, a través de la Secretaría de Estado de Función Pública:

- a) Unha certificación, que se enviará no mes de xaneiro, co número de baixas e altas tidas en conta no cálculo da taxa de reposición, incluídas as producidas por concursos de traslado como consecuencia dos procedementos de mobilidade voluntaria entre distintas Administracións Públicas no ano inmediato anterior.
- b) A Oferta de Emprego Público publicada no exercicio.
- c) Calquera outra información que lles sexa requirida para realizar dito seguimento.
- d) No caso da taxa específica á que se refire o apartado dous.4, e nos termos previstos polo citado precepto, será preciso remitir o instrumento de planificación que ampare a aplicación da taxa, así como certificado que identifique as prazas afectadas.
- e) Así mesmo, no caso de ofertas de emprego público derivadas de procesos de estabilización, co el fin de permitir o seguimento da oferta, as Administracións Públicas deberán certificar ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Función Pública, o número de prazas estruturais ocupadas de forma temporal existente en cada un dos ámbitos afectados.

Nove. Carácter básico do artigo. Os apartados uno, dous, tres, cinco e sete deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao amparo dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Así mesmo o artigo 37.1 do EBEP, sinala:

“Materias obxecto de negociación.

- 1.- Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública, e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:

(...)

- l) Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público

(...)”.

O artigo 10.4 do EBEP sinala tamén:

“No suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo (existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos), as prazas vacantes desempeñadas por persoal funcionario interino deberán ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na normativa de cada Administración Pública. Non obstante, transcorridos tres anos dende o nomeamento do persoal funcionario interino producirase o fin da relación de interinidad, e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, salvo que o correspondente proceso selectivo quede deserto, en cuxo caso poderá efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino.

Excepcionalmente, o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente, sempre que se haxa publicado a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar dende a data de nomeamento do funcionario interino e sexa resolta conforme aos prazos establecidos no artigo 70 do TREBEP. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cese de lugar a compensación económica.

(...)”

3. ACORDOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (MXN):

Analizadas as necesidades de recursos humanos da Deputación Provincial de Lugo, constátase que:

- Nos Cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade, aprobados con ocasión da aprobación dos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, existen as prazas vacantes que se relacionan a continuación e na Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente constan os postos de traballo que se corresponden coas citadas prazas e as prazas e postos ás que se fai referencia están dotados orzamentariamente.
- Conforme aos antecedentes que constan no Servizo de Recursos Humanos, a Taxa de Reposición de Efectivos para o ano 2026, calculada de acordo ao establecido no artigo 20. Tres da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (o 1 de xaneiro de 2026 prorrogáronse automaticamente os Orzamentos do Estado para o ano 2026 segundo o establecido no artigo 134 da Constitución Española), ascende a vinte e seis (26) efectivos. Esta cifra non supera o límite máximo do 110 % sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentarios anterior (2025), deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se houberan incorporado no referido exercicio, por calquera causa, agás os supostos previstos no apartado tres. 4, ou reingresado desde situacións que non con leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos computáronse os ceses por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, tivéronse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.
- En cumprimento do establecido nos artigos 36.3 e 37.1 l) do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) someteuse a información da Mesa Xeral de Negociación Común (persoal funcionario e persoal laboral) da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 30.04.2026.

Á vista de todo o sinalado, os criterios e contido da Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2026, formúlase nos seguintes termos:

1º. Criterios que rexerán na OEP:

1. A OEP da Deputación Provincial de Lugo conterá as prazas de persoal de novo ingreso (quenda libre).
2. A quenda de acceso libre incluírá o 110 % da Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), conforme ao previsto no artigo 20.Dous.a) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (o 1 de xaneiro de 2026 prorrogáronse automaticamente os Orzamentos do Estado para o ano 2026 segundo o establecido no artigo 134 da Constitución Española), e inclúe un total de vinte e seis (26) prazas na Deputación Provincial de Lugo. Dentro deste criterio, inclúense ás prazas que están sendo desempeñadas en réxime de interinidade, e dentro desas aquelas que permitan completar a totalidade de efectivos de cada unha delas, de xeito que, chegado o momento, permita convocar todas as vacantes dunha mesma praza.
3. Conforme ao sinalado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o sistema selectivo de acceso ás prazas de persoal de novo ingreso, tanto da quenda libre como de cota de reserva a persoas con discapacidade, será de oposición libre para as prazas pertencentes ás Subescalas Técnica, Administrativa e Auxiliar da escala de Administración Xeral e de concurso- oposición libre para as prazas da Subescala de Subalterna da Escala de Administración Xeral e das prazas pertencentes á Escala de Administración Especial.
4. Na OEP 2026 foi incluída dúas (2) praza polo cupo de reserva para persoas con discapacidade (artigo 59.1 do EBEP), a efectos de cumprir o mandato de incluír o 7% das prazas vacantes ofertadas pola quenda de acceso libre para seren cubertas entre persoal con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (a reserva do mínimo do 7% realizarase de xeito que, alo menos, o 2% das prazas ofertadas sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual).
5. No non expresado nos puntos anteriores, a Administración rexeráse polas normas en vigor e polos criterios que considere máis axeitados dentro das súas potestades de planificación, programación e autoorganización.

2º. Contido da OEP 2026 da Deputación Provincial de Lugo:

1. PRAZAS DE ACCESO LIBRE

TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS : Vinte e seis (26 prazas)

1. A) RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO:

• CUPO XERAL: Vinte e tres (23)

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A1	464	TÉCNICO/A ADMÓN. FINANCIEIRA E CONTABILIDADE	1719	TÉCNICO/A ADMÓN. FINANCIEIRA E CONTABILIDADE ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos superiores

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A2	606	TÉCNICO/A DE XESTIÓN	1880	TÉCNICO DE XESTIÓN ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala xestión
A-A2	2039	TÉCNICO/A DE XESTIÓN	1839	TÉCNICO DE XESTIÓN ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala xestión
A-A2	1063	ATS/DUE	1892	ATS/DUE ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
A-A2	1064	ATS/DUE	1893	ATS/DUE ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
A-A2	1065	ATS/DUE	1894	ATS/DUE ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
A-A2	1067	FISIOTERAPEUTA	1896	FISIOTERAPEUTA ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
A-A2	1066	TERAPEUTA OCUPACIONAL	1895	TERAPEUTA OCUPACIONAL ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
A-A2	1070	TÉCNICO MEDIO XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA	1900	TÉCNICO MEDIO XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
A-A2	1071	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA	1901	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
C-C1	732	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1834	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C1	614	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1823	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C1	443	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1809	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C1	568	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1763	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C1	543	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1875	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C1	807	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1876	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C2	1052	AUXILIAR SALA	1867	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase cometidos especiais
C-C2	1053	AUXILIAR SALA	1868	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase cometidos especiais
C-C2	803	CAPATAZ DE CAMIÑOS	1201	CAPATAZ ENTRADA	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase persoal de oficios
C-C2	507	OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES	615	OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES ENTRADA	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase persoal de oficios
AP	1031	PORTEIRO/A	1820	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala subalterna
AP	1081	PORTEIRO/A	1911	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala subalterna

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
AP	1082	PORTEIRO/A	1912	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala subalterna

• **CUPO RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (art. 59.1 EBEP): Unha (1)**

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
C-C2	1072	AUXILIAR SALA	1902	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase cometidos especiais

• **CUPO RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (art. 59.1 EBEP): Unha (1)**

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
C-C1	1146	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1842	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa

I. B) RÉXIME XURÍDICO LABORAL:

• **CUPO XERAL: Unha (1)**

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
A-A1	3409	PROFESOR/A (50% XORNADA)	1899	PROFESOR/A (50% XORNADA) ENTRADA

II. PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA: Doce (12) prazas

II. A) RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO: Oito (8) prazas

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
B	1058	TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP	1883	TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP NIVEL II	Escala administración especial, clase técnicos auxiliares
B	1059	TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP	1884	TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP NIVEL II	Escala administración especial, clase técnicos auxiliares
B	961	TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP	1643	TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP NIVEL II	Escala administración especial, clase técnicos auxiliares
C-C1	1023	CAPATAZ DE CAMIÑOS	1805	CAPATAZ NIVEL II	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase persoal de oficios
C-C1	1024	CAPATAZ DE CAMIÑOS	1806	CAPATAZ NIVEL II	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase persoal de oficios
C-C1	1060	CAPATAZ DE CAMIÑOS	1885	CAPATAZ NIVEL II	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase persoal de oficios
C-C1	1061	CAPATAZ DE CAMIÑOS	1886	CAPATAZ NIVEL II	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase persoal de oficios
C-C1	1057	CONDUTOR/A	1882	CONDUTOR/A NIVEL II	Escala administración especial, subescala servizos especiais clase persoal de oficios

II. B) RÉXIME XURÍDICO LABORAL: Catro (4) prazas

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
C-C2	3406	CAPATAZ DE CAMIÑOS	1888	CAPATAZ NIVEL II
C-C2	3407	CAPATAZ DE CAMIÑOS	1889	CAPATAZ NIVEL II
C-C2	3408	CAPATAZ DE CAMIÑOS	1890	CAPATAZ NIVEL II
C-C2	3405	OFICIAL TALLER LIBRO	1887	OFICIAL TALLER LIBRO NIVEL II

Atendendo a canto antecede, propono que pola Presidencia, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, resolva:

- *Aprobar a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026 co contido das prazas anteriormente enumeradas."*

O que se fai público en cumprimento do determinado no artigo 70.2 do RDL 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa indicación de que a presente resolución pon fin a vía administrativa, polo que contra esta, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a presidencia da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 15 de maio de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1259

CONCELLOS

GUITIRIZ

Anuncio

Acordo de Xunta de Goberno Local de 06/05/2026.

BASES REGULADORAS DO PROCESO PARA A SELECCIÓN E CONVOCATORIA DE 1 PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA : ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: SERVIZOS ESPECIAIS; CLASE POLICIA LOCAL, ESCALA BÁSICA; CATEGORÍA POLICIA LOCAL; GRUPO DE TITULACIÓN: C ; SUBGRUPO: C1 DO CONCELLO DE GUITIRIZ: (OEP COMPLEMENTARIA DE 2025). EXPTE: 1111/2025.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E RÉXIME DE PUBLICACIÓNS.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza de policía local (subgrupo C1), como funcionario/a de carreira, en execución da OEP complementaria 2025 (BOP núm. 215 do 18 de setembro de 2025 e DOG núm. 193 do 7 de outubro de 2025).

A persoa aspirante que resulte seleccionada, prestará servizos como funcionario/a de carreira, escala: Administración especial; subescala: servizos especiais; clase: policía local; escala básica; categoría: policía local; grupo de titulación: C; subgrupo: C1 do Concello de Guitiriz.

O sistema de selección para a praza de 1 policía local será o de oposición, en quenda libre.

A presente convocatoria e bases serán obxecto de publicación no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web (<https://concellodeguitiriz.com>) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal). Tamén será publicado un anuncio da convocatoria no DOG e no BOE, e o prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

O listado de admitidos/as e excluídos/as definitivo e a celebración da primeira proba serán obxecto de publicación no BOP, o resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web e sede electrónica do Concello de Guitiriz.

Este proceso rexerá polo establecido nestas bases e, para o non previsto, estarase ao disposto:

- Constitución Española.
- Na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- No decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que a desenvolve.
- Na orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración de vixiantes e

auxiliares de policía local ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

- Na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

- Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos.

- Real Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se aproba o regulamento de selección de persoal e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

2ª.- CARACTERÍSTICAS E COMETIDOS FUNCIONAIS.

As características e cometidos funcionais do posto de policía local son, respectivamente, as establecidas na ficha nº 12 (Código 16) da R.P.T.:

FICHA RPT Nº 12: POLICIA LOCAL (2). CÓDIGOS 15 E 16.

— Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.

— Grupo: C1

— Escala/Subescala: Administración Especial, Servicios Especiales

— Formación específica: Si.

— Tipo de posto: Base ou non singularizado

— Nº de postos: 2

— Vacantes: 1

— Forma de provisión: Oposición libre/Concurso (mobilidade)

— Nivel de complemento de destino (CD): 16

— Complemento específico anual (CE): 12386,49 euros (actualizado 2023)

— Adscrición: Sección de Servicios Múltiples, Servicio de Seguridade Cidadán.

Principais funcións do posto:

Xerais:

- Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

- Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de documentos que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

- Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.

- Confección de notificacións ou comunicacións na súa materia e traslado a Rexistro Xeral para que sexan rexistradas de saída con celeridade.

- Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

- Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas do posto:

- As funcións policiais básicas prevista na Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, na Lei Orgánica de Seguridade Cidadá, e na Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia:

- Protexer ás autoridades das corporacións locais e vixiar ou custodiar os seus edificios e instalacións.

- Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no chan urbano legalmente delimitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria.
- Instruír atestados por accidentes de circulación no ámbito da súa competencia dentro do chan urbano legalmente delimitado.
- Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia.
- Participar nas funcións da Policía xudicial, na forma establecida na normativa vixente.
- A prestación de auxilio, nos casos de accidentes, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas leis, en canto á execución dos plans de protección civil.
- Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delictivos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade.
- Vixiar os espazos públicos e colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado e coa Policía de Galicia na protección das manifestacións e o mantemento do orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos para iso.
- Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos para iso.
- Calquera outras funcións en materia de seguridade pública que, de acordo coa lexislación vixente, sexanlles encomendadas.
- Protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e contribuirán a garantir a seguridade cidadá e a consecución do benestar social, cooperando con outros axentes sociais, especialmente nos ámbitos preventivo, asistencial e de rehabilitación.
- O cumprimento das funcións policiais propias do servizo. A realización de funcións planificadas polos seus superiores.
- Control e vixilancia de feiras, mercados, festas e calquera tipo de eventos ou actividades públicos ou privados que se desenvolvan no termo municipal.
- Aqueloutras funcións policiais que se poidan establecer na correspondente Ordenanza municipal de tráfico e circulación.

3ª.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán manifestar na solicitud que, na data de remate do prazo de presentación de instancias, reúnen e poden acreditar os requisitos que sinala o artigo 33 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, e outros preceptos concordantes da normativa especial de aplicación indicada na base primeira. Os citados requisitos son os que seguen:

- a) Ter nacionalidade española de conformidade co artigo 33.1 letra a) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.
- b) Ter cumpridos os dezoito anos e non exceder, no seu caso, da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión da titulación académica de bacharel ou técnico. Así mesmo, estarase ao establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título a efectos profesionais.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario de que a persoa fose separada ou inhabilitada.
- f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.
- g) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.
- h) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidos, que presentará en forma de declaración xurada ou segundo o modelo que se esixa na convocatoria.
- i) Compromiso de presentación dun informe de saúde, asinado por persoal facultativo, en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e psíquicas para realizar os exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflecta no devantido informe. Este informe de saúde debe ser expedido dentro dos (15) días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.

Así mesmo, o aspirante que resulte proposto para nomeamento, debe cumprir no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O exposto implica que os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométese a renunciar á mencionada actividade.

4ª.- INSTANCIAS.

4.1.- Modelo de solicitude e documentación que debe acompañar a solicitude.

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará no Concello. A presentación de instancias comportará a aceptación pola persoa interesada das bases da convocatoria.

Dita instancia dirixirase á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada e asinada debidamente polos aspirantes.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes; unicamente poderán demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza.

Por tanto, calquera modificación da solicitude deberá realizarse dentro do prazo de 20 días hábiles para a presentación da solicitude. Finalizado devandito prazo, non se admitirá modificación de ningún tipo.

Con anterioridade a realizar unha relación comprensiva da documentación que os aspirantes deben entregar de forma preceptiva na súa solicitude, é preciso indicar, a efectos dun procedemento máis garantista para os interesados que: a solicitude debe presentarse no prazo indicado nestas Bases, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo debidamente cuberta e asinada.

A instancia deberá presentarse de conformidade co modelo normalizado que acompaña como anexo I as presentes bases de selección. Ningunha instancia que sexa presentada sen modelo normalizado específico que se acompaña será admitida, de conformidade co artigo 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Deberá de acompañarse fotocopia do DNI.

Debe acreditarse o **coñecemento da lingua galega** (se fora o caso). A acreditación farase de conformidade coa Instrucción para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación coa validación de estudos por ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

En aplicación do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en diante LPAC), os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Concello de Guitiriz. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

De conformidade co artigo 28 da LPAC as persoas aspirantes teñen dereito a non presentar a documentación que xa obre en poder do Concello de Guitiriz, este poderá consultar ou recadar a dita documentación salvo que as persoas interesadas se opoñan. A existencia da dita documentación debe ser alegada na solicitude de participación.

4.2.- Taxa de participación.

As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa de participación de 16,00€ de acordo coa Ordenanza fiscal número 4 que regula as taxas pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos, publicada no BOP de Lugo núm. 5 de data 7/01/2008.

O ingreso do importe da taxa será aboado mediante transferencia bancaria no seguinte número de conta do Concello: ABANCA ES20/2080/0122/4631/1000/0022.

➤ Concepto a sinalar:

➤ “Taxa proceso selectivo Policía Local” e o DNI do/a aspirante

Estarán exentos do pago desta taxa (artigo 9): as persoas que figuren como demandantes de emprego ó tempo da presentación da solicitude para participar no proceso de selección do persoal e presenten a correspondente certificación acreditativa de tal situación, da oficina dos servizos públicos de emprego.

As taxas só serán devoltas se o/a aspirante non é admitido ao proceso selectivo, é dicir, se resulta excluído/a definitivamente.

A falta de pagamento ou insuficiencia da taxa, cando non quede acreditado que a persoa aspirante cumpra cos requisitos para ter dereito á exención no pago, determinará a súa exclusión do proceso selectivo.

4.3.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

4.4.- Medio de presentación.

As instancias serán presentadas preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal), de non poder ser farase no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (Rúa do Concello nº4, 27300 de Guitiriz) ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica municipais.

En caso de que existan exclusións, indicárase a causa de exclusión.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando no exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.

5.2.- Reclamacións á lista provisional.

Perante o prazo de 10 días hábiles, de conformidade co previsto no art. 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderanse formular reclamacións ou enmendar os defectos que motiven a exclusión ou enmenda á lista provisional.

De non presentar reclamación ou enmenda no indicado prazo, o/a aspirante excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

5.3.- Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Se non se presentasen reclamacións á lista provisional considerárase definitiva.

No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcaldesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos/as e excluídos/as, se sinale a composición do tribunal cualificador e a data, hora e lugar de realización da primeira proba da fase de oposición.

Dita resolución publicarase no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica municipais.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, non prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no BOP de Lugo. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

6ª.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

6.1.- Composición do Tribunal.

O Tribunal de selección acomodárase o establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por cinco (5) membros: un presidente, tres vogais e un secretario que haberán de cumprir os requisitos sinalados na citada normativa. Tamén se terá en conta o artigo 34 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (LCPL) e a súa normativa de desenvolvemento.

Na composición do Tribunal será paritaria entre homes e mulleres de conformidade co disposto no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizaránse por resolución do Sr. Alcalde-Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso o posto que se convoca.

A composición do Tribunal publicarase xunto coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios, sede electrónica e páxina web do Concello de Guitiriz.

6.2.- Abstención e recusación do Tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

6.3.- Constitución e actuacións do Tribunal.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan. Os tribunais cualificadores poderán celebrar sesións a distancia e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, con respecto dos trámites esenciais establecido nos artigos 17, 18 e 19 da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público. As sesións celebraránse mediante a utilización da webinar corporativa.

6.4.- Acordos do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición ou oposición, segundo o caso, en todo o que non estea previsto nas bases.

Contra os actos do tribunal cualificador poderanse interpoñer os seguintes recursos e reclamacións:

- Contra as propostas finais dos/as aspirantes seleccionados/as e, en xeral, contra os actos de trámite que determinen a imposibilidade de continuar o procedemento selectivo ou produzan indefensión e que non esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, ante a Presidencia, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou da súa publicación na Sede Electrónica. Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e iso sen prexuízo de que se poida exercitar outro que se estime pertinente.
- Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar reclamacións e formular as alegacións que estimen pertinentes ante o Tribunal no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data de publicación.

6.5.- Asistencia técnica do Tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer da posibilidade de incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

6.6.- Dereitos económicos do Tribunal.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal terá a categoría segunda.

7ª.- PROCEDIMIENTO SELECTIVO.

Desenvolvemento do proceso de acceso por oposición libre.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no BOP da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario da convocatoria que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no BOP das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos/as do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc) están prohibidos dentro da sala/instalación onde teñan lugar as probas. O sonido dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización dos exercicios, salvo en aqueles que pola súa natureza non sexa posible a realización de forma anónima. Nos casos dos exercicios nos que deba garantirse o anonimato segundo as bases específicas reguladoras de cada procedemento, os aspirantes non poderán realizar ningunha sinal identificativa nas follas utilizadas para a súa realización. De non observar esta regra serán automaticamente eliminados do correspondente proceso selectivo, sen que se proceda nin sequera á corrección do exercicio. Esta circunstancia acordarase polo tribunal cualificador e anunciarase xunto coas cualificacións do exercicio correspondente.

7.1. Procedemento de selección

O procedemento de selección será o de oposición por quenda libre e posteriormente a persoa que supere este proceso selectivo será nomeada funcionaria en prácticas.

7.2. Probas selectivas.

A oposición constará de cinco probas eliminatorias, de modo que non poderán pasar á seguinte as persoas aspirantes que non alcancen a cualificación mínima establecida para cada unha delas. A orde no que se deberán desenvolver é a seguinte:

- 1- Probas de avaliación dos coñecementos.
- 2- Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, so para aquelas persoas que non puideron acreditarlo documentalmente, e que se realizará xunto coa proba anterior.
- 3- Probas de aptitude física.
- 4- Probas psicotécnicas.
- 5- Recoñecemento médico.

Facúltase ao tribunal cualificador, unha vez finalizada a proba de coñecementos, para establecer por orde decrecente de puntuación as persoas aspirantes que deban desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas se resulta necesario, cuxo número non será inferior en todo caso ao dobre das prazas convocadas:

7.2.1. Primeira proba. Proba de avaliación de coñecementos.

Nesta proba as persoas aspirantes deberán demostrar a súa preparación intelectual e o seu dominio dos contidos da totalidade do temario que figura no anexo II destas bases.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha. As persoas aspirantes dispoñen dun tempo máximo de dúas (2) horas para a súa realización.

O Tribunal incluírá un total de 5 preguntas de reserva, que actuarán no suposto de anularse algunha das preguntas obxecto de proba.

A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos e será preciso alcanzar cinco puntos, como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/10$, sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non contestadas.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento da publicación destas bases contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O tribunal excluírá, aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten á cualificación e á valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para alcanzar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes a que corresponden os resultados obtidos.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que esta proba sexa correxida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes.

7.2.2. Segunda proba: Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

Nesta proba as persoas aspirantes deberán demostrar que comprenden correctamente o galego.

Estarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que estean en posesión do título Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

As persoas non exentas realizarán esta segunda proba a continuación da primeira e consistirá na tradución dun texto do castelán a galego e doutro texto do galego ao castelán. Os textos serán elexidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para supéralo será necesario obter o resultado de apto/a. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar o resultado de apto/a.

7.2.3. Terceira proba. Probas de aptitude física.

Nestas probas as persoas aspirantes deberán demostrar as súas capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade para as funcións que teñen que desempeñar.

As probas físicas terán a cualificación de apto/a ou non apto/a. Para obter a cualificación de apto/a os/as aspirantes deberán alcanzar as marcas mínimas e non superar as máximas que se establecen para cada proba.

Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

As persoas aspirantes acudirán á realización da proba provistas de vestimenta deportiva e entregarán ao tribunal, no momento do chamamento, un informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba de oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

Este informe médico deberá estar expedido dentro dos quince (15) días inmediatamente anteriores a data de realización da primeira proba de aptitude física. A non presentación do devandito documento supón a exclusión da persoa aspirante do proceso.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, excepto as de velocidade, resistencia xeral e natación, que se poderán facer de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador.

O desenvolvemente de cada unha das probas físicas deberase realizar en lugares adecuados ao tipo de proba que se vai executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas para cada opositor/a.

As persoas aspirantes deberanse presentar á realización das probas coa roupa e co calzado que consideren adecuados. Para a proba de natación, as persoas aspirantes utilizarán traxes de baño (que traerán elas mesmas) do modelo que desexen. Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/o incremento da velocidade de calquera tipo.

PROBAS A REALIZAR

1ª Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

- Realizarase nunha pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo compacto.
- A persoa aspirante colocarase na pista no lugar sinalado.
- A realización da proba permite realizar a saída de pé ou agachada, sen utilizar tacos de saída.
- As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son:
 - Homes: 7.40".
 - Mulleres: 8.20".

2ª Proba de potencia de tren superior:

Os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

2ª.a) Homes. Flexión de brazos:

- Realizarase nun ximnasio ou nun campo de deportes.
- Iniciarase dende a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans espaldas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.
- A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por encima da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o abalo do corpo ou a axuda con movemento das pernas, e efectuaranse de forma continuada.
- Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexións.

2ª.b) Muller. Suspensión en barra:

- Realizarase nun ximnasio ou nun campo de deportes.

- O exercicio consiste en permanecer, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por encima da barra e sen ter contacto con ela.
- O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

3ª Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

- Realizarase nun ximnasio ou nun campo de deportes, con chan horizontal e coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.
- A persoa aspirante colocase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura (realizarase o salto desde a posición de parado).
- Realizará un salto horizontal e caerá cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próxima a liña.
- As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:
 - Homes: 210 cm.
 - Mulleres: 185 cm.

4ª Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos (un solo intento).

- Realizarase nunha pista de atletismo.
- A persoa aspirante colocase na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.
- Será eliminado/a o corredor que abandone a pista durante a carreira.
- As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:
 - Homes: 3´30”.
 - Mulleres: 4´10”.

5ª Proba de natación: 25 metros estilo libre.

- Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer xiros.
- A persoa aspirante poderase colocar para a saída:
 - Sobre a plataforma ou o borde da piscina.
 - Ou ben no interior do vaso, e neste último caso deberá permanecer en contacto co borde da saída.
- Unha vez que se dea o sinal de saída, as persoas aspirantes, ben en mergullo ou por impulso sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.
- Calquera saída que se realice antes da indicación do tribunal será considerada nula, e por tanto, será declarado non apto/a na proba.
- As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:
 - Homes: 0´24”.
 - Mulleres: 0´28”.

7.2.4. Cuarta proba. Probas psicotécnicas.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, e comprobarán que presentan un perfil psicolóxico adecuado.

Terán que ser efectuadas e valoradas por persoal especialista e cualificaranse como apto/a ou non apto/a. Para superalas será necesario obter o resultado de apto/a no conxunto das probas realizadas.

1ª. Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

2ª. Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientarase a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polo demais, habilidades interpersoais, control adecuado da impulsividade, axuste persoal e

social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

3ª. Entrevista persoal.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. Deste xeito, a parte das características de personalidades inaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

7.2.5. Quinta proba. Recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean nas condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Os resultados do recoñecemento médico serán coñecidos polo tribunal, a efectos de superación ou non da prueba, de conformidade coas previsións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta o tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Cualificarase como apto/a non apto/a.

A efectos da exclusión do/da aspirante, terase en conta o seguinte:

1. Obesidade - delgadez. Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considérase o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

2. Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que a xuído dos facultativos médicos impida, límite ou dificulte o exercicio das funcións policiais. Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantiranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

Para estes efectos e no que non contradiga o referido con anterioridade, aplicarase o cadro de exclusións médicas publicado no BOE do 12 de maio de 2021, incluído no Real Decreto 326/2021, do 11 de maio, polo que se aproba o cadro médio de exclusións para o ingreso na Policía Nacional.

8ª NORMAS BÁSICAS NO DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS.

8.1. Identificación. As persoas aspirantes deberán presentar a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que, a xuído do tribunal, acredite a súa identidade. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requeridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

8.2. Participantes. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas como colaboradoras.

Non se permitirá o acceso ao público nin a grabación por medio audiovisual, electrónico ou dixital algún, a ningunha das probas deste proceso, sin estar previamente autorizado polo Tribunal.

8.3. Orde de actuación das persoas aspirantes nas probas selectivas. A orde de actuación das persoas aspirantes nas probas selectivas efectuarase polo Tribunal por orde alfabética de apelidos das persoas aspirantes, e iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "V", atendendo ao disposto na Resolución do 25 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Función Pública, polo que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, publicada no BOE Núm. 184 do mércores 31 de xullo de 2024, Sec. II.B. Pág. 97538.

8.4. Chamamento único. O chamamento para cada exercicio será único, na data e na hora indicadas, sen posibilidade de aprazamento, de maneira que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal, e os amparados nun precepto legal, como o suposto que se describe a continuación.

8.5. Mulleres embarazadas, parto ou postparto. As aspirantes que, polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente nos primeiros días de puerperio, prevexan a posibilidade de coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo, poderán poñelo en coñecemento do tribunal e anexarán coa comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous días seguintes ao anuncio da data do exame e o tribunal determinará, en base á información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben de ambas as medidas conxuntamente.

Así mesmo, poderase aprazar por un tempo de ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles corresponda efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificadado, acreditado mediante o corespondente certificado médico. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só o resto das probas para os demais participantes.

Para o caso de que a puntuación final das persoas que se acolleron ao dereito de aprazamento non poida superar a puntuación final do resto das persoas que participan non proceso selectivo, a estas daráselles por superado o proceso selectivo, sen que sexa necesario esperar á realización da totalidade das probas por parte das persoas que se acolleron ao dereito de aprazamento.

Independentemente do anterior, a aspirante poderá renunciar á realización das demais probas físicas e, en consecuencia, a súa participación no proceso selectivo, con reserva do posto ordinal alcanzado na proba de coñecementos para o seguinte proceso selectivo que se convoque.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas a efectos do proceso selectivo calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactancia. A solicitude da muller que acredite atoparse nesta circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas médicas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razonadamente de oficio, oída a afectada, unha nova data para a súa realización.

8.6. Prohibicións. Durante o tempo fixado para a realización das probas non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria; queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constitúe causa de inadmisión ao chamamento a simple tenencia destes.

8.7. Cumprimento dos requisitos. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo á administración convocante para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

8.8. Anuncio das probas. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Corporación municipal, páxina web e taboleiro de anuncios coa antelación suficiente, agas o da primeira proba que se publicará tamén no BOP da provincia de Lugo, tendo en conta que desde a finalización dunha proba ao comezo da seguinte terá que transcorrer un prazo mínimo de dous días, segundo o artigo 11.2.h) do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro.

8.9. Anulación de preguntas da primeira proba. Se o tribunal, de oficio ou en base ás reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anula algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Corporación municipal. Neste suposto serán tidas en conta as preguntas de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto do exercicio.

9ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas probas da fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

No suposto de empate haberá que estar ao disposto na base 11ª do presente documento.

O Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía- Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas.

Esta proposta, que será recollida nunha acta, será publicada na Sede Electrónica da Corporación, páxina web e taboleiro de anuncios, en base ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en tanto a Administración estima que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos os posibles interesados.

Contra a puntuación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar alegacións ou reclamacións, ante o propio tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da puntuación, en caso de non ser presentadas alegacións ou reclamacións, esta proposta provisional será elevada a definitiva de xeito automático.

10ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

O aspirante proposto presentará no Rexistro Electrónico do Concello, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non encontrarse incluído/a en ningunha das causas de exclusión física ou psíquica que impidan ou menoscaben a capacidade funcional ou operativa necesaria para o desempeño das funcións propias da Policía.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados.
- e) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do permiso de condución coas categorías A2 e B.
- f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidos, que presentará en forma de declaración xurada ou segundo o modelo que se esixa na convocatoria.
- h) Declaración xurada do cumprimento dos requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de nomeamento no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da Corporación, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados/as acrediten que non puideron presentar algún documento por causas debidamente acreditadas de forza maior.

Se dentro do prazo expresado, e salvo causas de forza maior debidamente acreditadas, os aspirantes propostas polo Tribunal non presentasen a documentación, ou do exame da mesma, deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos nas Bases, renuncien, ou o resultado do recoñecemento médico fose “non apto” non poderán ser nomeados para ocupar a praza obxecto da correspondente convocatoria e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na instancia inicial; e realizarase unha nova proposta de nomeamento a favor da seguinte persoa aspirante da relación proposta polo Tribunal cualificador das probas.

11ª.- EMPATES

De producirse empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, e tendo en consideración que nos corpos da Policía Local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata producir o desempate:

- a) Criterio de desempate reflectido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, segundo o cal o empate resolverá a favor da muller.
- b) Menor tempo rexistrado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos
- c) Menor tempo rexistrado na proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos.
- d) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

12ª.- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirante serán nomeadas persoal funcionario en prácticas na categoría de básica de policía local, mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

As persoas así nomeadas permanecerán na devantida situación dende o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública na que se indicará a data de inicio.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevinda ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado substituirase á persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

13ª.- CURSO SELECTIVO DE FORMACIÓN

As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na AGASP como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, e nos artigos 51 a 55 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento desta lei.

O curso terá unha duración de 1.400 horas lectivas, 900 horas de formación teórico-práctica na AGASP en réxime de internado e 500 horas de prácticas nos respectivos concellos de procedencia.

En caso de non incorporación ao curso o de abandono deste sen finalizado, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na AGASP, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso.

Aos funcionarios e funcionarias en prácticas seralles de aplicación o Regulamento de réxime interior da AGASP durante o seu curso de formación e o período de prácticas, e con carácter supletorio, cando os feitos non constitúan falta no devandito regulamento, seranlles de aplicación as normas do réxime disciplinario da Policía Local de Galicia, recollidas na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais e normativa de desenvolvemento.

A cualificación do curso de formación e do período de prácticas quedará en suspenso ante a concorrencia sobrevinda de calquera causa de exclusión ata que non se resolva o expediente que se incoe.

14ª.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdicción Contencioso- Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, ao tribunal encargado de xulgar o proceso e ás persoas que nel participen.

Así mesmo, cuantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, pola autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión poderán ser impugnados polos interesados de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

15ª.- PROCEDEMENTOS PENAIS OU ADMINISTRATIVOS PENDENTES.

Cando as persoas que participan no proceso teñan aberto, ou se lles abra con posterioridade, un procedemento penal ou administrativo que poida finalizar cunha condena por delito doloso, coa separación do servizo das administracións públicas ou a inhabilitación para o exercicio das funcións públicas, a admisión ao proceso, a permanencia no mesmo, así como o seu acceso no corpo da policía local ou a adxudicación do posto en caso de mobilidade quedará condicionado ao feito que nos citados procedementos non se produza a condena ou separación referida.

O persoal participante, non suposto de atoparse nas situacións decritas no parágrafo anterior, debe comunicar tal situación á Corporación, que o deberá poñer inmediatamente en coñecemento do Tribunal, que poderá solicitar en calquera momento do proceso unha declaración xurada de non atoparse nas citadas situacións.

A falsidade ou omisión de datos nesta declaración xurada dará lugar ás responsabilidades que procedan.

16ª.- RECURSOS.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente:

- Recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou resolución, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC.
- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa), no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución do recurso.

Si se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento.

17ª.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos de carácter persoal recadados no presente proceso selectivo serán tratados de forma confidencial e quedarán incorporados a correspondente actividade de tratamento titularidade do CONCELLO DE GUITIRIZ con domicilio situado en RUA DO CONCELLO, 4, 27300-Guitiriz e enderezo electrónico do delegado de protección de datos info@concellodeguitiriz.com.

A presentación da instancia de participación por parte das persoas aspirantes, suporá unha clara acción afirmativa para o tratamento dos seus datos persoais.

Pódese solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consultala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/política-de-protección-de-datos>.

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA**SOLICITUDE DE PARTICIPACION NA SELECCIÓN DE POLICIA LOCAL, FUNCIONARIO DE CARREIRA.**

D/Dona, con D.N.I. núm.
 e domicilio a efectos de notificación no municipio de,
 na rúa n.º, piso, C.P.,
 teléfono e enderezo electrónico
 Nº de afiliación a Seguridade Social

Informado/a da convocatoria que realiza o Concello de Guitiriz para unha praza de Policia Local como funcionario/a de carreira do Concello de Guitiriz, mediante o sistema de oposición libre, de acordo ás bases publicadas no B.O.P. n.º de data e no B.O.E. n.º de data que declara coñecer e aceptar.

Declara responsablemente que cumpre todos os requisitos esixidos na cláusula 3.ª das bases, comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado e a continuar en posesión dos mesmos ata a formalización do nomeamento.

SOLICITA:

1.- Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I. en vigor.
- Fotocopia do permiso de conducción coas categorías A2 e B en vigor.
- Xustificante de pago da taxa de participación.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredite a discapacidade en base á cal solicita as seguintes adaptacións de tempo ou medios:
- No seu caso, CELGA 4 ou superior para quedar exento/a da realización da proba de coñecemento da lingua galega.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

2.- Idioma das probas:

- Castelán
- Galego

Así mesmo, SÍ/NON AUTORIZA a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través do enderezo electrónico arriba indicado.

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos , informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ , coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4, 27300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico do Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para xestionar e desenvolver o proceso selectivo ao que vostede se presenta segundo as Bases do mesmo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas.

3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo cumprimento legal e polo consentimento que nos outorga coa firma e presentación da instancia.

4. DESTINATARIOS DE CESIONS: CONCELLO DE GUITIRIZ non se cederán datos a terceiros, salvo por obriga legal.

5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos.

6. INFORMACION ADICIONAL:

- Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consultala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/política-de-protección-de-datos>

- Os seus datos persoais e/ou calificacións poderán ser expostos para dar publicidade ao proceso selectivo no taboleiro de anuncios e/ou na Sede Electrónica segundo a normativa vixente e atendendo ao principio de minimización de datos.

En, a de de 202....

Asdo.

Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

ANEXO II.- TEMARIO

TEMA 1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

TEMA 2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o secreto das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

TEMA 3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición.

TEMA 4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

TEMA 5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

TEMA 6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

TEMA 7. Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autónomos de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.

TEMA 8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia

TEMA 9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

TEMA 10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

TEMA 11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

TEMA 12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

TEMA 13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e o funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

TEMA 14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

TEMA 15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

TEMA 16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

TEMA 17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.

TEMA 18. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

TEMA 19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

TEMA 20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

TEMA 21. A lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

TEMA 22. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

TEMA 23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra garantías constitucionais.

TEMA 24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade os seus axentes. Desordes públicas.

TEMA 25. Homicidio e as súas formas. Delitos leves contra as persoas. Delitos e delitos leves contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

TEMA 26. Delitos contra a seguridade viaria. Delitos leves labores con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

TEMA 27. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.

TEMA 28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigacións do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

TEMA 29. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

TEMA 30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.

TEMA 31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

TEMA 32. Procedemento sancionador por infraccións da normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

TEMA 33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

TEMA 34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

TEMA 35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

TEMA 36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

TEMA 37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

TEMA 38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

TEMA 39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

TEMA 40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.

Guitiriz, 7 de maio de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1239

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 243/2026, de data 13 de maio de 2026, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de abril de 2026, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 13 de maio de 2026 ao 12 de xullo de 2026.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 13 de maio de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1240

RIBADEO*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL.****Modificación orzamentaria 30/2026, SUPLEMENTO DE CREDITO FINANCIADO CON RTGX**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 12/05/2026 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 30/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de SUPLEMENTO de crédito, financiado co Remanente de Tesorería para gastos xerais, por importe de 710.998,53€

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 13 de maio de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1241

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 6 de maio de 2026 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **XANEIRO - FEBREIRO 2026**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 6 de maio de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1242

Anuncio

Resolución de Alcaldía núm. 2026-0641 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo para a cobertura do posto de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local con personal laboral fixo, derivado da OEP de 2025:

Por Resolución de Alcaldía núm. 2026-0641 de data 10/03/2025, unha vez concluído o proceso selectivo, efectuouse a contratación como persoal laboral fixo de:

Identidade	DNI/NIF
Silvia Martínez Martínez	**58*3*5*

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Unidade de Desenvolvemento Local
Ide. Posto	1101/U RPT
Denominación do posto	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. Técnico
Natureza	Laboral fixo
Contratación	12-05-2026
Escala	Administración Especial. Servizos Especiais
Subescala	Técnico
Clase/Especialidade	Servizos Especiais
Grupo/Subgrupo	Asimilado a Grupo de Funcionarios A, Subgrupo A1 .

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 12 de maio de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1243

RIOTORTO*Anuncio*

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de subministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao primeiro cuadrimestre de 2026, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do termo do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezcan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 16 de xuño e o 16 de xullo de 2026.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 13 de maio de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1244
